

## CONCELLO DE NARÓN

### AUDIENCIA E INFORMACIÓN PÚBLICA

#### EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO:

- Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

OBXECTO: Sen prexuízo da consulta previa á redacción do texto desta iniciativa, xa efectuada (ao estimar que a norma afecta aos dereitos e intereses lexítimos das persoas), o Concello de Narón acorda publicar agora un primeiro borrador do texto da disposición neste portal, co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e recabar cantas aportacións adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades. Así mesmo, poderá tamén recabarse directamente a opinión das organizacións ou asociacións recoñecidas por lei que agrupen ou representen ás persoas cuxos dereitos ou intereses lexítimos se verán afectados pola norma e cuxos fins garden relación directa co seu obxecto.

#### NORMATIVA:

Artículo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 6 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### PROCEDEMENTO

TRÁMITE: Sometemento a audiencia e información pública da disposición normativa anterior.

DESTINATARIOS: Cidadáns/ás afectados/as.

PRAZO: 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

DESCRIPCIÓN DA ACTUACIÓN: Como xa se indicó no trámite de consulta previo á redacción deste borrador, é intención desta Corporación a aprobación da seguinte norma:

- Ordenanza Xeral Municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial.

No Boletín oficial da provincia nº 187 do 29 de setembro de 2010, publicábase a Ordenanza citada. Dende o ano 2010 o Regulamento Xeral de Circulación sufriu diversas modificacións que afectan ao contido desta ordenanza que é necesario actualizar, así como é necesario introducir algún título que regule as pautas establecidas pola Dirección Xeral de Tráfico na Instrución 16/V-124 de 3 de novembro de 2016, en relación

cos peóns, ciclistas e vehículos de mobilidade persoal, debido á irrupción do patinete eléctrico no ámbito urbano e diversos cambios legislativos que afectan a ciclistas.

O prazo para recabar aportacións neste trámite de audiencia rematará o día catorce de xullo de dous mil vinte.